



## RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DE EDICIÓN DO CURSO FC11104 XESTIÓN EFICAZ DA SECRETARÍA DE DIRECCIÓN

### ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dictou a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Nº 247 do 27 de decembro de 2010).

2 O número de prazas por edición do curso FC11104 Xestión eficaz da secretaría de dirección, que ía ter lugar do 07-09-2011 ao 22-09-2011 en Pontevedra é de 25 prazas convocadas.

3 Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes ao curso o Servizo de Xestión das Actividades de Formación e Selección comprobou que quedan 7 alumnos admitidos no curso.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Nº 247 do 27 de decembro de 2010).

.na súa base novena, apartado C dispón:

*“ No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.”*



O número de solicitudes do curso FC11104 Xestión eficaz da secretaría de dirección, é inferior ao 50% das prazas convocadas.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

- 1 Anular a edición de Pontevedra do curso FC11104 Xestión eficaz da secretaría de dirección, que ía ter lugar do 07-09-2011 ao 22-09-2011.
2. Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2011.

O director



Pablo Figueroa Dorrego